

DIAMANTES DA NOITE 1476

Jan Němec, 1964

ESTREA EN NUMAX: 10.03.2025 | V.O.S.G. | 67 min

Dous nenos xudeus escapan dun tren que os conduce a un campo de concentración, pero non poderán deixar de correr e ocultarse se desexan sobrevivir. Cos rapaces en constante movemento, Němec asina unha experiencia de corte expresionista e experimental, moi opresiva.

Presentación da montadora e socia de NUMAX, Clara G. Nieto

«Con tan só 27 anos, Jan Nemeč puxo patas arriba a xa de por si vangardista e radical nova vaga de cinema checoslovaco »

Maties Tugories, CINE MALDITO



Unha experiencia sensorial irresistible

Por Neil Young

Entre outros moitos méritos, a radicalidade de *Diamantes da noite* segue sendo un tributo á brillantez inconformista do montador Miroslav Hájek (1919-1993), auténtico heroe pouco recoñecido da Nova Vaga checoslovaca. Hájek montou nada menos que nove dos trece títulos deste ciclo; editou as catro primeiras longametraxes de Forman, as tres primeiras de Chytilová (entre eles *As margaridas*) e os catorce de Vlácil.

Con máis de 50 títulos ás súas costas, Hájek xa era un veterano cando se asociou co relativamente novato Němec (16 anos máis novo ca el) para adaptar a historia autobiográfica de Arnošt Lustig sobre dous adolescentes que foxen dos seus captadores nazis a través dun terreo pintoresco e hostil.

O resultado é unha obra de duración pouco ortodoxa (63 minutos) que arrinca de forma sorprendente nun valente «media res», cando os mozos saltan á liberdade desde un tren en marcha con destino a un campo de exterminio. Interpretados polos non profesionais Ladislav Jánky e Antonín Kumbera (Němec citou a Bresson como unha das súas principais influencias), a parella anónima e lacónica embárcase nunha picaresca que alterna unha fuxida vertixinosa cun descanso que corta a respiración.

Hájek e Němec salpican a miúdo a acción con fugaces flashbacks que nos mergullan na mente do mozo (Jánky) mentres lembra (ou imaxina?) días máis felices en Praga. Estas secuencias, algunhas de apenas uns segundos, están cargadas dunha intensidade alucinatoria: *Diamantes da noite* funciona á vez como fábula rural e como sinfonía urbana, unha experiencia sensorial irresistible que arde coa mesma forza vital que estes raparigos aparentemente condenados loitan valentemente por preservar.

Neil Young reside en Viena; realiza, presenta, programa, escribe sobre e actúa en películas.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Pantallas de lo
maravilloso,*
Lois E. Froiz.
Shangrila, 2021